

Expediente nº: 4934/2024

Resolución de Alcaldía de número e data establecidos na marxe
Procedemento: Contrato de obra "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA CONSTRUCCIÓN DA NOVA ESCOLA INFANTIL NO PARQUE FERRO UCHA" por Procedemento Aberto Simplificado.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Con data 14 de agosto de 2024 apróbase expediente de contratación por Decreto da Alcaldesa núm. 2024-3153 mediante procedemento aberto simplificado, para a contratación da obra "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA CONSTRUCCIÓN DA NOVA ESCOLA INFANTIL NO PARQUE FERRO UCHA".

Procédese á publicación do anuncio de licitación con data 14 de agosto de 2024 na plataforma de contratación do sector público.

Con data 10 de setembro de 2024 reúnese a mesa de contratación na que se procede a apertura do sobre A que contén a documentación administrativa e oferta técnica, sendo admitidas pola mesma.

Visto o informe de valoración das ofertas técnicas de data 11 de setembro de 2024.

Con data 17 de setembro de 2024 reúnese a mesa de contratación na que se procede a apertura do sobre B que contén as ofertas presentadas, obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	PUNTUACIÓN XUIZO DE VALOR	IMPORTE OFERTADO SEN IVE	PTOS	AUMENTO PRAZO DE GARANTÍA	PTOS	mejoras	ptos	PUNTOS TOTAIS
EXCAV Y CONST LAUREANO COVELO SA	25	873900	42,94	25	25,00	si	7,00	92,94
CONST CASTRO FIGUEIRO SLU	23	872.686,78	43,00	25,00	25,00	si	7,00	91,00

Visto a proposta de adxudicación de data 25 de setembro de 2024, pola cal se propón como adxudicatario da obra "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA CONSTRUCCIÓN DA NOVA ESCOLA INFANTIL NO PARQUE FERRO UCHA" a entidade EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA.

Visto o informe de fiscalización de data 03 de outubro de 2024.

Examinada a documentación que acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e



2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e por todo o anteriormente exposto e en virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Declarar admitidos o seguinte licitadores:

- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU

SEGUNDO: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento, en orde decrecente.

LICITADORES	PUNTUACIÓN XUÍZO DE VALOR	IMPORTE OFERTADO SEN IVE	PTOS	AUMENTO PRAZO DE GARANTIA	PTOS	mejoras	ptos	PUNTOS TOTAIS
EXCAV Y CONST LAUREANO COVELO SA	25	873900	42,94	25	25,00	si	7,00	92,94
CONST CASTRO FIGUEIRO SLU	23	872.686,78	43,00	25,00	25,00	si	7,00	9100

TERCEIRO: Adxudicar o contrato de obra “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA CONSTRUCCIÓN DA NOVA ESCOLA INFANTIL NO PARQUE FERRO UCHA” nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA con CIF B36612562, por un importe de 873.900,00 euros, 183.519,00 euros de IVE o que fai un total de 1.057.419,00 euros, un aumento do prazo de garantía de 25 meses adicionais, e as melloras 1, 2, 3 y 4.

CUARTO. Dispoñer o gasto correspondente de conformidade co establecido no Informe de Intervención de data 13 de agosto de 2024.

QUINTO. Publicar anuncio de adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

SEXTO. Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

SÉTIMO. Notificar a EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA adxudicatarios do contrato, a presente resolución.

OITAVO. Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil do contratante no prazo non superior a quince días trala perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

NOVENO. Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto coa desagregación correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.



DÉCIMO. Formalizar o contrato mediante a firma de aceptación polo contratista da presente resolución de adxudicación, no prazo de 15 días hábiles.

DÉCIMO PRIMEIRO: Dar traslado de esta resolución ós departamentos de intervención.

A Alcaldesa, M^a Nava Castro Domínguez
(documento asinado dixitalmente)

